## GAÑADOR na categoría de PRIMARIA

**Saúl Mariño Recamán**

CEP Sequelo (Marín)

# ATRAPADO NO TELÉFONO

Pedro era un neno intelixente e moi valente, por iso cando viu por primeira vez a nova casa non tivo medo, a diferenza da irmá, que se escondía detrás da súa nai. Era unha casa grande, coa parte de arriba de madeira e chea de ventás. Os primeiros días miraron todos os cuartos da casa, que estaba chea de cousas antigas, entre elas, no corredor, un teléfono de madeira. O teléfono tiña un marcador circular, un auricular a un lado e un aparello para falar por riba do marcador; era un xoguete para Pedro.

A primeira vez que o teléfono soou levaban dúas semanas na casa. Pedro contestou, escoitou dende o outro lado da liña un neno chorar, e preguntou quen era, entón cortouse. Isto ocorreu repetidamente. Ao outro lado da liña soaban berros, risas e choros. Foi onda a súa nai contarllo e ela, estrañada, díxolle que non contrataran liña. Aquilo fixo que quedase máis intrigado, e decidiu investigar.

Foi buscar o home que lles vendera a casa, pero non sabía nada. Logo foi ao Concello atopar máis pistas e alí revisou diarios antigos. Neles falábase dunha serie de desaparicións misteriosas que aconteceran ao longo dos anos. Cada vez que habitaban a casa, unha persoa desaparecía e non se volvía saber dela.

Pedro volveu á casa e intentou aclarar todas as dúbidas. Durante días non fixo outra cousa que pensar mil e unha respostas para aquel misterio. O neno decidiu descolgar o teléfono e dixo: «Quero axudar». De súpeto, as chamadas de axuda de todos os que se perderan e estaban atrapados no teléfono tiñan sentido.

Pasaron dous anos e a casa vendeuse. No outro lado da liña do teléfono, Pedro espera a que alguén queira axudalo a el, mentres sente todo o que os anteriores moradores sentían.